

BIM BAM BUM

Texto e ilustracións de **MARIA GIRÓN**

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 40 páx. 17 €

XVII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUM ILUSTRADO

Bim Bam Bum (galego)

ISBN 978-84-1343-332-5. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

Bim Bam Bum (castelán)

ISBN 978-84-1343-333-2. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

Bim Bam Bum (català)

ISBN 978-84-10387-02-7. Àlbum iIllustrat: Premi Compostela.

Baga Biga Higa (euskara)

ISBN 978-84-9172-399-8. Album irudidunak. Compostela Saria.

Pim Pam Pum (português)

ISBN 978-989-749-192-4. Álbum ilustrado. Prémio Compostela.

Bim Bum Bam (italiano)

ISBN 978-84-1343-331-8. Albo illustrato. Premio Compostela.

Bim, Bam e Bum ían á praia.

Pararon un momento, petaron nunha porta: Toc, toc!

E berraron:

—CAAATAAA!!

Unha divertida xornada de praia entre amigos, chea de ritmo, xogos e humor.

«Bim Bam Bum» son tres amigos que van á praia e, polo camiño, van sumando bañistas a esta sonora e onomatopeica comitiva. Seguindo un esquema baseado na repetición, nos diálogos breves e na acumulación de personaxes, a historia avanza de forma áxil, dinámica e melódica. As fendas no patrón narrativo son o factor sorpresa que incentiva a lectura con refachos de humor e frescura.

A obra coa que Maria Girón gañou o XVII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado é un divertido relato de celebración da amizade; unha reivindicación do xogo infantil baseado na liberdade, no movemento, na oralidade e na imaxinación fronte ao sedentarismo, os xoguetes sofisticados e as pantallas electrónicas. Entre os protagonistas hai nenas e nenos de distintas idades, canda animais humanizados, que se desprazan a pé ou sobre rodas, que amosan a cantidade de actividades que se poden facer en plena natureza, que gozan creando poemas, como o xogo fonético que resulta ao recitar os seus nomes.

«Bim Bam Bum» é unha obra alegre e vibrante, xenuína e atemporal que non só acompaña o bo tempo, senón que tamén ilumina os días grises. O colorido de cada páxina, o trazo solto das ilustracións, a variedade de planos e o dominio do espazo formando unha secuencia de estilo cinematográfico, ademais da simpatía deste peculiar grupo de amigos, completan unha proposta que resalta o afán lúdico da infancia e a felicidade que debe prevalecer nesta etapa da vida.




- **Temática:** a amizade, o xogo, a natureza e a felicidade durante a infancia.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** XVII Premio Compostela; recursos da tradición oral: acumulativos, repeticións, xogos fonéticos e de palabras; liberdade e movemento vs. sedentarismo e pantallas; onomatopeas, humor; praia; diversidade; da autora de «[Cinco ratiños](#)» e ilustradora de «[Miña Guía, meu Capitán](#)» (Premio Fundación Cuatrogatos 2021, selección IBBY 2023), «[Os migrantes](#)», «[Cos brazos abertos](#)» e «[Paraules de caramel](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/bim-bam-bum-g>

Maria Girón

(Barcelona, 1983)

Estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona, completou a súa formación en Boloña e Sevilla e, de volta na Cidade Condal, especializouse en ilustración na Escola Llotja. Ilustrou numerosos libros que foron traducidos a distintas linguas. En 2010 foi seleccionada pola Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña para participar nunha exposición colectiva sobre Gianni Rodari. Para esta mesma feira volveu colaborar, en 2017, noutra mostra dedicada á cultura catalá.
<https://www.instagram.com/mariagiron.lou/>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com